

PREGO DE PRESCRICIÓN TÉCNICAS PARA A CONTRATACIÓN DA PRESTACIÓN DOS SERVIZOS DA DIRECCIÓN TÉCNICA DOS TRABALLOS DE MANTEMENTO DOS CAMPOS DE FÚTBOL MUNICIPAIS DE BALAIÓDOS, MADROA E BARREIRO.

1) OBXECTO:

Será a contratación mediante procedemento aberto do servizo da Dirección Técnica para a realización dos traballos de conservación e mantemento do céspede dos campos de xogo do Estadio Municipal de Balaídos, dos Campos da Madroa (Madroa I e Madroa II) e Barreiro.

Dentro do obxecto do contrato, enténdese comprendidos os traballos relacionados coa dirección facultativa, control técnico e económico de tódas as actuacións de mantemento e mellora dos terreos de xogo, emisión de informes periódicos do estado dos mesmos, asistencia facultativa durante a realización dos traballos que se desenvolvan nestes campos, e demais traballos relacionados no presente prego, que se consideran como parte integrante do mesmo e en consecuencia, terán carácter contractual.

2) OBRIGAS TÉCNICAS DO ADXUDICATARIO:

O adxudicatario realizará as seguintes funcións:

- a) Estudio e definición respecto ós terreos de xogo, os aspectos agronómicos y deportivos necesarios para o desenvolvemento dos traballos (drenaxe, elección do estrato, soporte do céspede, gramíneas axeitadas a cada uso, condicións climáticas, etc).
- b) Estudio e definición das características sobre as tarefas de mantemento e elección dos produtos necesarios (fertilizantes, herbicidas, herbicidas selectivos, aireación, Verti-drain, control de Poa Annuu e dixitarias, Control insecticida, Fitosanitarios, Control de Black layer, etc).
- c) Dirección facultativa, con instrucións por escrito, dos traballos a efectuar polo persoal responsable en cada caso e coordinación de tódolos medios humanos e materiais co fin do mellor mantemento dos terreos de xogo.
- d) Control técnico por delegación municipal, das actuacións das empresas contratadas para os labores de conservación dos terreos de xogo.
- e) Informe proposta semestral en relación ás previsións do gasto en materiais e produtos a utilizar nos espazos deportivos, dentro do orzamento do mantemento dos campos.
- f) Definición e control da utilización máxima posible dos campos municipais de fútbol, consonte co seu estado, climatoloxía e programas deportivos. Todo isto, de acordo cos obxectivos e propósitos da concellería de Deportes.
- g) Visitas de recoñecemento e dirección co persoal encargado das empresas de mantemento, con frecuencia media duha visita cada mes, emitindo instrucións puntuais que permitan a execución nas mellores condicións das tarefas de mantemento dos terreos de xogo.

- h) Emisión de informes, coincidentes coas visitas, cunha frecuencia media de un cada mes, no que conste o estado de cada campo, e as instrucións para o seu coidado e o tratamento do céspede a realizar, se fóra o caso.
- i) Compromiso de asistencia facultativa e persoal ós campos de fútbol municipais, en principio Balaídos, A Madroa I, A Madroa II e Barreiro ademais de aqueles que se incorporen ó patrimonio municipal durante a vixencia do contrato.


3) MEDIOS HUMANOS:

1.- Os concursantes indicarán nas súas ofertas o número e categoría laboral das persoas que, no caso de resultar adxudicatarios, destinarán a prestar os servizos obxecto do contrato.

2.- O persoal que realice os traballos contratados terá dependencia laboral única e exclusivamente do contratista, o cal asume respecto a eles todo tipo de obrigas laborais, de seguridade social e de seguridade e hixiene no traballo, así como no seu caso fiscais.

Vigo, 11 de marzo de 2010.

O director deportivo do IMD



Asdo.: José Ángel Otero Lamas.

CRITERIOS DE SOLVENCIA TÉCNICA.-

Para a adxudicación desta contratación requiriranse as seguintes condicións mínimas do persoal proposto:

1) Titulación universitaria, enxeñeiro superior de montes e/ou agrónomo: licenciado ou doutorado.

2) Especialización demostrable na construción e/ou mantemento de espazos deportivos de herba natural.

TIPO DE LICITACIÓN:

O tipo máximo de licitación para o presente contrato fíxase en vinte tres mil douscentos cincuenta euros (23.436 €), importe a imputar na partida orzamentaria 4521.227.06.00.

Na presente contratación enténdese que os licitadores, ao formularen as súas propostas económicas, incluírán nas mesmas o importe o Imposto do Valor Engadido (IVE).

PAGAMENTO DO CONTRATO:

- a) O prezo do contrato pagarase ao adxudicatario fraccionadamente por mensualidades vencidas, mediante a presentación da correspondente factura, que abranguerá cada mes, é dicir, unha doceava parte do prezo do contrato.
- b) No suposto de que o contrato non comezara o primeiro de mes, o prezo a pagar polo mesmo, sería só o que corresponda, proporcionalmente, ó tempo de prestación efectiva dos servizos obxecto da contratación.


PRAZOS DO CONTRATO:

A duración do contrato será de tres anos, prorrogable por períodos anuais, ata un máximo de tres mediante acordo expreso das dúas partes. A denuncia do contrato deberá formularse cunha antelación mínima de seis meses.

Tanto o Concello como o contratista poderán denunciar a vixencia do contrato ou das súas prórrogas dunha antelación mínima de seis meses ao vencemento do contrato.

Vigo, 11 de marzo de 2010.

O director deportivo do IMD



Asdo.: José Angel Otero Lamas.